

O Congreso de Traballos Colaborativos chega á décima edición e suma a participación de máis de 1500 estudantes - DUVI

Universidade de Vigo

venres 20 de abril de 2018

Esta experiencia interdisciplinar entre alumnado de distintas titulacións é única en España

A idea partiu da EE Industrial e Bioloxía, despois uníronse outros centros (CCXX e do Traballo, Económicas e FFT)

×









<>

O Congreso de Traballos Colaborativos chega á décima edición e suma a participación de máis de 1500 estudantes

[DESCARGA](#)

Un intre do congreso, celebrado no salón de actos do edificio de Ciencias Experimentais

Duvi | Vigo

A idea partiu dos profesores da Escola de Enxeñería Industrial José Luis González Cespón e José Antonio Alonso Rodríguez e do seu convencemento de que as materias que imparten teñen que estar conectadas coa sociedade. Así xurdiu o Congreso de Traballos Colaborativos, unha experiencia interdisciplinar única en España na que estudantes e docentes de diferentes escolas e facultades do campus traballan nun proxecto en común, achegando cada un o coñecemento da súas respectivas especialidades e , unha vez finalizado o traballo, debe presentarse nunha cita organizada a modo de congreso profesional, coa participación de todos os centros implicados. Cada curso realízanse dous congresos, un en cada cuadrimestre, o último celebrouse hoxe venres e constituíu a décima edición dunha iniciativa na que xa participaron máis de 1500 estudantes, 18 profesores e na que se presentaron preto de 200 traballos, algúns deles premiados en diferentes certames relacionados co mundo do emprendemento, entre outros, na última edición dos Incuvi-Emprende.

“Para conseguir unha das competencias das materias, habilidades comunicativas, decidimos organizar o congreso, no que cada grupo interdisciplinar, en lugar de realizar a exposición na clase, ten que facelo nesta cita, de xeito moi claro e cun tempo limitado como en calquera outra cita de carácter profesional”, explica José Luis González Cespón, quen recalca que todas as cuestións relativas á organización do evento corre a cargo dos propios estudantes, un equipo de arredor de 30 persoas en

cada unha das citas do congreso.

“A satisfacción para nós non pode ser maior, xa que as enquisas que realizamos a posteriori ao noso alumnado reflicten un 95% de satisfacción na realización da experiencia e unha mellora significativa das súas habilidades comunicativas e, no que se refire ao profesorado, todos están contentos cos resultados acadados, pois en xeral as cualificacións melloran”, explican os docentes que impulsaron a iniciativa.

Varios proxectos foron xa premiados en diferentes certames de emprendemento

Desde o punto de vista de como se traslada todo isto á sociedade, os organizadores destacan que nos últimos anos varios dos proxectos presentados neste congreso foron premiados en diferentes certames vinculados co mundo do emprendemento. Entre outros exemplos, mencionan o caso de Afouteza de Galicia, un dos vencedores da última edición dos premios Incuvi-Emprende e premio local de Hack for Good, organizado pola Cátedra Telefónica, un certame no que tamén se recoñeceu o traballo doutro dos proxectos do congreso, no que se propuña a creación dunha planta de produción de bioplásticos a partir de augas residuais. “No caso de Afouteza de Galicia os promotores formulan a posta en marcha dunha planta de compostaxe a partir de biomasa forestal, un lugar no que transformar os residuos forestais en compós ecolóxico”, explican os docentes.

Outros traballos das últimas edicións que tamén foron xa premiados son Comprimir para Vivir, no que se usa o aire comprimido como enerxía limpa, ou Biodiesel a partir de microalgas dunha central térmica, no que mediante o dióxido absorbido dunha central térmica se alimenta a unha microalga da que, posteriormente, se obtería biodiésel.

20 proxectos relacionados cos biocombustibles, a produción ecolóxica...

Nesta décima edición do congreso foron os alumnos e alumnas de Bioloxía os que propuxeron os proxectos e traballaron neles de xeito conxunto con estudantes de Enxeñería Industrial, Filoloxía e Tradución e Ciencias Xurídicas e do Traballo. En total presentáronse 20 proxectos levados a cabo por un equipo composto por 168 mozos e mozas e con temáticas do máis variadas, aínda que, maioritariamente, relacionadas coas últimas tecnoloxías no mundo da ecoloxía e os biocombustibles, así como con cuestións de elevada actualidade a erradicación da avespa velutina.

Propuxéronse varias plantas de produción de bioplásticos a partir de diferentes materiais, entre eles, o aceite vexetal usado; tamén unha de bioetanol a partir de restrollos de millo; unha de produción de morfina de orixe biolóxico; outra de produción de vermicompostaxe e biogás a partir de residuos orgánicos; outra de obtención de biodiésel a partir de microalgas; outra de elaboración de produtos sen lactosa; outro de produción de B-carotenos a partir de microrganismos... Nesta edición tiveron tamén éxito os cultivos hidropónicos, aqueles que utilizan un medio acuoso, ao que se lle engaden os nutrientes necesarios, en lugar de terra, para

proporcionar alimento ás plantas. Propuxéronse para cultivos como os pementos de padrón, as fresas ou o azafrán.

Ao longo da mañá presentáronse tamén un centro de recollida de especies exóticas, un criadeiro de caracois ecolóxicos ou unha bodega de viño ecolóxico, entre outros.

Grupo de Innovación Educativa RED I+S

Estes proxectos de carácter colaborativo realízanse dentro do [grupo de Innovación Educativa RED I+S](#), un grupo de docentes que investiga e experimenta sobre procedementos educativos innovadores que leven a unha mellora do rendemento académico do alumnado. Para isto utilizan estratexias didácticas multidisciplinares baseados na metodoloxía ABP (Aprendizaxe Baseado en Proxectos), que se desenvolven entre estudantes de diferentes titulacións. “Isto supón a integración e cooperación do estudantado que pertence a diferentes graos e achegan o seu coñecemento específico ao proxecto”, recalcan González Cespón e Alonso Rodríguez.